

## ASISTENTES

Alonso González, Ángel  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Alverte Pivida, Rodrigo  
Araújo Fernández, María  
Area Carracedo, Iván Carlos  
Báez Montero, Inmaculada  
Balado Barciela, Adrián  
Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup> Covadonga  
Boutinguiza Larosi, Mohamed  
Bouza Rodríguez, José Benito  
Bueno Alonso, Jorge Luís  
Caamaño Martínez, José Carlos  
Cancho Grande, Beatriz  
Carballo González, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Castro Cerceda, María Luísa  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Collazo Fernández, Antonio  
Comesaña Benavides, José Antonio  
Comesaña Piñeiro, Rafael  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Costa González, Alicia  
Costa Montenegro, Enrique  
Cruz Freire, José Manuel  
Dafonte Gómez, Alberto  
Dapia Conde María Dolores  
De Blas Varela, M<sup>a</sup> Esther  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
De Morais, Gadyel Aminadab  
De Oca Cancela, Guillermo  
Díaz Casaleiro, Tomás  
Diéguez Quintas, José Luís  
Domínguez Araújo, Lara  
Domínguez Blanco, Santiago  
Dopico Castro, Marcos  
Eguía Oller, Pablo  
Estévez Orge, Marcos  
Fálagan Mota, Jorge  
Fernández Arias, Mónica  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Rey, Aser Ángel  
Fernández Riverola, Florentino  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Ferro Soto, Carlos Antonio  
Gallardo Medina, Mercedes  
Gallego Veigas, Pedro Pablo  
Garrido Campos, Julio  
Godoy Malvar, Eduardo  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
González Almón, Yasmina  
González Álvarez, Dolores  
González López, Raquel  
González Santamaría, Pedro  
González Varela, Luís  
González Vázquez, Raquel  
Guisande Rivas, Uxía  
Iglesias Blanco, Raúl  
Iglesias Briones, María Jesús  
Isorna Folgar, Manuel  
Lameiro Diéguez, M<sup>a</sup> de los Remedios  
Liñares Méndez, Patricia  
Llamas Nistal, Martín  
López Mira, Álvaro Xosé  
López Periago, José Eugenio  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
Macías Cambra, Henrique  
Magaz Ledo, María Luisa  
Martín Moreno, José M.  
Martínez Piñeiro, Manuel  
Mascuñán Tolon, Patricia Silvia  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Miramontes, Jesús Manuel  
Mojón Ojea, Artemio  
Moldes Pita, Óscar  
Mollinedo Lois, Carlos  
Morán Martínez, M<sup>a</sup> Paloma  
Moure Rodríguez, María José  
Nombela Castaño, Miguel Ángel

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 18 de xullo de dous mil dezaioito, convocada para ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no paraninfo da Reitoría do Campus de Vigo.

Ás 10:05 h do día **18 de xullo de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesión extraordinarias do 18-19 e 24 de xaneiro de 2018.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da Comisión de estudo para a racionalización do calendario académico.
4. Aprobación, se procede, do Informe de Transparencia correspondente a 2017.
5. Toma de postura sobre a modificación dos regulamentos do TFG e do TFM.
6. Toma de postura sobre os criterios e o procedemento para a promoción do PDI.
7. Toma de postura sobre os criterios e o procedemento de promoción do profesorado asociado.
8. Toma de postura sobre a creación das comisións de traballo para a definición dos procesos de xestión.
9. Aprobación, se procede, das modificacións propostas polo Consello Consultivo durante a tramitación dos novos Estatutos da Universidade de Vigo.
10. Rogos e preguntas.

O Sr. reitor aclara que a retirada de puntos da orde do día solicitada pola Xunta do PDI funcionario será explicada ao chegar ao momento correspondente, pero adianta que non se trata de toma de decisións, senón dun debate. O Sr. reitor espera que haxa un acordo final sobre estes aspectos que inclúa tamén á oposición. Pola súa banda, a Mesa acorda ser flexible cos tempos de intervención e como resultado do sorteo da letra para organizar as intervencións, de ser o caso, comezarse pola letra H.

### **1. Aprobación, se procede, das actas das sesión extraordinarias do 18-19 e 24 de xaneiro de 2018.**

Apróbanse as actas por asentimento. As correspondentes á sesión do 17 de decembro, que por un erro non foron incluídas coa documentación, serán aprobadas no próximo Claustro.

### **2. Informe do reitor.**

O Sr. reitor informa das negociacións levadas a cabo coa Xunta de Galicia, entre outras, a relativa ao convenio de fin de ano, que cubrirá certas necesidades pendentes.

Ovejero Campos, Aida  
Padilha Gómez, Iago  
Patiño Vilas, David  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Pérez Cota, Manuel  
Pérez Diz, Ángel Eduardo  
Pérez Juste, Ignacio  
Pérez Rodríguez, M. Rosa  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel J.  
Rico Fuentes, Juan Jesús  
Ríos Santomé, María José  
Rivas Conde, Filemón  
Rivera González, Paula  
Rodríguez de la Fuente, Marta  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rodríguez Vázquez, Sabela  
Rolán González, Katia  
Rubio Armesto, M<sup>a</sup> Belén  
Santalla del Río, María Verónica  
Sieiro Vázquez, Carmen  
Siota Álvarez, Mónica  
Sotelo Dios, Patricia  
Souto García, Raquel M.  
Teixeira Bautista, Marta  
Teira González, Eva  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>  
Torres Romay, Emma  
Vaquero García, Alberto  
Vázquez Otero, María Elsa  
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel  
Velasco Graña, M<sup>a</sup> Rita  
Vera Isasa, María  
Vidal Vázquez, Ricardo  
Vila Alonso, M. de las Mercedes  
Villanueva Torres, Daniel  
Zas Varela, Mónica

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**  
Ares Ferreirós, Martina  
Baltrusch, Burghard  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
De Andrés Iglesias, Jesús  
Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
Fernández Fustes, M<sup>a</sup> Dolores  
Fernández Reboreda, M<sup>a</sup> Teresa  
Fornoso Vázquez, David E.  
Fraiz Brea, José Antonio  
García González, Silvia  
Gómez Fariñas, Beatriz  
González González, Alfredo  
López Lago, Marcos  
López Sánchez, Óscar  
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón  
Pardo Froján, Juan E.  
Peña Gallego, Ángeles  
Rivas Ferreiro, Mauro  
Rivo López, Elena  
Sueiro Justel, Joaquín

Asemade, informa de que na reunión da CRUE foi analizada a lei de contratación, segundo pasa a expoñer, abordando, entre outras cuestións, a solicitude dunha moratoria relativa á súa aplicación ás tarefas de investigación ou, inclusive, a exclusión das mesmas do ámbito da devandita Lei, seguindo o exemplo doutras lexislacións europeas. Tamén foi analizada a situación do acceso ás bolsas e as novas acreditacións, sendo semellantes as porcentaxes de éxito ás da etapa anterior. A axenda da CRUE pasa por reivindicacións políticas, entre outras, a creación dun observatorio de ciencia e un novo convenio con CEDRO.

O Sr. reitor engade que estase a negociar o IBI co Concello de Vigo. En canto á suba das retribucións, as previsións da Lei de Orzamentos deste ano establecen un incremento do 1.5% correspondente a 2018, malia que os incrementos previstos e os atrasos no se poderán aboar no mes de xullo, pero si en setembro.

O Sr. reitor informa tamén sobre o caso do Prof. Ayala. As universidades españolas afectadas (as once que lle outorgaron o doutorado honoris causa) tomarán unha decisión común.

Por outra banda, os edificios administrativos do Campus de Vigo recibirán, preferentemente, nomes de mulleres relacionadas coa cultura galega.

Finalmente, o Sr. reitor informa de que van comezar os trámites para a creación da universidade privada da Fundación Abanca, con diversas sedes en Galicia.

### **3. Aprobación, se procede, da Comisión de estudo para a racionalización do calendario académico.**

O Sr. reitor informa de que é necesario facer un esforzo para que o calendario académico do SUG sexa común. Sinala que sería bo formar unha comisión de estudo ao efecto, que despois podería integrarse nunha comisión común do SUG. Na Universidade da Coruña están de acordo, segundo se desprende dunha acta do Consello de Goberno desta Universidade. Proponse que integren a comisión un representante do PAS, catro directores ou decanos, catro representantes de estudantes, o secretario xeral e a vicerreitora de Alumnado.

O secretario xeral e a vicerreitora quedan xa nomeados. Como decanos e directores son voluntarios: D<sup>a</sup>. Susana Reboreda, D. Francisco Javier Rodríguez Martínez e D. Jesús Míguez. Como PAS é elixida D<sup>a</sup> Ángeles Hermida. Delégase no reitor o nomeamento do resto dos membros da comisión, incluídos os representantes do alumnado.

O Sr. Fernández intervén para indicar que non é certo que existise un acordo previo entre as universidades para fixar o inicio das actividades académicas no SUG, en relación co cambio acaecido polo Decreto 68/2018 da Xunta de Galicia. O Sr. reitor reponde que tal vez houbo erros de comunicación respecto da redacción final do Decreto 68/2018. O Sr. Fernández sinala que dende a Universidade de Vigo, finalizando o mandato do anterior equipo de goberno, comunicouse ao secretario xeral correspondente da Xunta de Galicia que a Universidade de Vigo xa aprobara o seu calendario.

#### **4. Aprobación, se procede, do Informe de Transparencia correspondente a 2017.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral que procede a presentar brevemente o informe, sinalando que non é necesaria a súa aprobación polo Claustro, e que basta coa súa presentación.

Apróbase o informe por asentimento (**Anexo I**).

#### **5. Toma de postura sobre a modificación dos regulamentos do TFG e do TFM.**

O Sr. reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado. Este indica que a día de hoxe non hai proposta de normativa algunha, trátase simplemente de pulsar a opinión do Claustro (art. 35 dos Estatutos vixentes). É un documento aberto ao debate sobre unha posible modificación do artigo 8 do Regulamento de TFG e TFM, á espera dunha nova regulación integral. Na proposta de reforma, engádese o artigo 8 ter sobre a defensa, avaliación e cualificación por un tribunal unipersoal, na liña doutras universidades, para aliviar a carga excesiva de traballo que este tipo de actividade supón para os tribunais avaliadores. Tense recibido moitas propostas que poden servir para o debate.

Intervén o Sr. López Mira para indicar que hai partidarios de que non se chegue á cualificación de notable polo tribunal individual, e que a reforma supón un incremento de traballo para os centros; tamén atopa un baleiro legal en torno a cualificación do tribunal colexiado, así como a participación das persoas titoras no tribunal colexiado, coa que non está de acordo; asemade, indica que existe a necesidade de regular os descontos docentes pola intervención nos tribunais do TFG ou TFM. Finalmente, sinala que o punto 6 do artigo 8 bis lle parece superfluo, así como as dificultades que presenta o parágrafo catro.

A Sra. Mascullán indica que na súa facultade deféndense arredor de 200 traballos. Dado que é unha materia de 6 créditos, formulan a posibilidade de que cada centro o regule pola súa conta.

O Sr. Míguez Miramontes fala dende a experiencia do seu centro ao longo de seis cursos sobre unha materia que presenta certa complexidade e moita carga de traballo, e que supón un 7.5% da nota do expediente do alumnado. Manifesta o seu interese en que a normativa non se aplique de modo xeral a todos os títulos, se non que a decisión sobre a súa aplicabilidade dependa de cada centro, de xeito optativo. Ve un risco en que todos os estudantes que defenden ante un tribunal unipersoal podan chegar a obter un sete indiscriminadamente, e opina que deben existir evidencias da avaliación polos tribunais unipersoais, de cara as acreditacións. Pensa que a carga de traballo dos centros vai ser superior con novo sistema proposto. Tamén albisca problemas no procedemento de publicidade, particularmente para organizar a defensa ante o tribunal unipersoal, e o proceso de reclamación da cualificación, de ser o caso. Apunta tamén outros problemas relativos ao TFG que quedan fóra da reforma, como a oferta de liñas de traballo e a selección de profesorado e o nomeamento dos membros dos tribunais, que deberían corresponder aos departamentos. Remata indicando as dificultades de aplicación da normativa para os títulos interuniversitarios.

O Sr. Mojón Ojea pregunta cal é a razón pola que se limita a nota máxima a outorgar polo tribunal unipersoal. Para el so hai dúas razóns: dúbidas sobre a competencia ou sobre a honestidade do tribunal. E, de ser así, pensa que debería anularse esta posibilidade.

A Sra. Pérez Rodríguez, da Facultade de Filoloxía, sinala que está de acordo cos problemas indicados sobre a complexidade do asunto. Pensa que falar de tribunais unipersoais non proporciona unha defensa de xeito adecuado, porque non sería necesariamente pública, e ten o efecto perverso de limitar a cualificación a un sete, precisamente por estar obviando a defensa. Coida que non se debe mesturar a condición de avaliadora e titora. Pregúntase se o tribunal colexiado podería despois cambiar a nota do tribunal unipersoal. Comenta que no seu centro a distribución de liñas de traballo está centralizada e coordinada cos departamentos e está de acordo en recoñecer descontos docentes polo traballo dos tribunais.

O Sr. Vidal Vázquez, da EEI, afirma que no seu centro é onde máis traballos se dirixen e non está de acordo coa simplificación que di que pretende a normativa. Entende que hai que manter tanto o traballo en si como a defensa, tal e como está. Pensa que a defensa pérdese cando se produce ante o titor, que se converte en xuíz e parte. De admitirse, coida que debe ser o centro, e non o alumno, quen debería decidir.

En canto a organización do TFG/TFM, entende que estes proceden dos antigos proxectos de fin de carreira das escolas de enxeñeiros, que teñen moita máis tradición que o resto dos centros ao respecto, e que a reforma atentaría contra esta tradición. Remata concluíndo que no seu centro están en contra de que se propoñan órganos unipersoais.

O Sr. Caamaño Martínez, da EEI, sinala que para o exercicio profesional é importante o TFG, polo que debe ser cada centro que tome as decisións sobre o tipo de avaliación, non o alumnado. Se o motivo do cambio é a carga de traballo, debería recoñecerse tal carga ao profesorado implicado. Engade que existen outros problemas relacionados co TFG, que a normativa do proceso de Boloña prexudicou ao alumnado e que sería bo darlles a opción de ampliar o prazo de entrega do TFG mais aló do curso académico no que se matriculan, o que evitaría tamén presións ás persoas titoras, de xeito que as taxas se abonen no momento do depósito do traballo (ou, a lo menos, unha porcentaxe das mesmas).

O Sr. Antonio Collazo, profesor da EEI, admite o sentir unánime do seu centro de que sexa este que tome a decisión sobre o tipo de tribunal avaliaor, non o alumnado. Como aspectos negativos da reforma sinala os problemas que podería haber nas acreditacións, a valoración dos colexios profesionais (que no caso da enxeñaría industrial rexeitarían a reforma) e, finalmente, o apartado 8 bis debería suprimir ao non facilitar a rotación dos profesores como membros do tribunal no curso académico.

O Sr. Comesaña, da EEI, agradece que a modificación sexa formulada como unha toma de postura, e non como unha decisión definitiva, e salienta a importancia do TFG, remitíndose ás observacións do Sr. Collazo e do Sr. Vidal. Opina que o problema é a falla de recoñecemento do traballo que implica o TFG, máis que a carga de traballo, dados os beneficios que o TFG aporta ao alumnado.

O Sr. Emilio Costa, de Enxeñaría de Telecomunicación, fala no nome do seu director, ausente no estranxeiro. Sinala que o problema é o recoñecemento do traballo que implica o TFG e opina que a reforma abre a porta á mediocridade. Alude á normativa específica do seu título, que fala da defensa pública (menciona o caso Cifuentes) e da falta de transparencia e arbitrariedade que tería a defensa ante un tribunal unipersoal. Estima que non sería unha boa práctica e que nos afastaría das universidades do resto de Europa.

O Sr. Luis González, do colectivo de estudantes, indica que este é un problema recorrente e que a proposta de regulación é un parche máis. Sinala que a reforma obvia os problemas do estudantado, derivados da burocracia. Alude finalmente a dous decretos sobre a necesidade de cualificar numericamente ao estudantado de cero a dez puntos, en relación coa limitación a sete puntos proposta para o tribunal unipersoal.

O Sr. reitor cede a palabra ao vicerreitor, quen agradece todas as aportacións. Sinala que o curso que ven abordará unha modificación completa do Regulamento e que outros aspectos apuntados exceden do ámbito do mesmo, como sucede cos recoñecementos docentes. Sinala que o presentado non é un texto normativo pechado, é mais ben unha base para a reforma. Indica que a defensa será necesariamente pública, segundo xa dispón o artigo 7. En canto as acreditacións dos títulos ou a aplicabilidade das normas CIN, alude ao artigo 2. Tamén apunta que a USC xa aplica o tribunal unipersoal sen problema. Alude á variedade das propostas presentadas, ás veces opostas entre si, o que xustificaría a aposta por unha nota intermedia, como é o 7. Ademais, entende que o tribunal unipersoal está recoñecido en España na administración de xustiza. Non comparte as obxeccións respecto á posibilidade de que sexa o alumnado o que elixa. Outros problemas, como os prazos de matrícula, están a ser estudados. Respecto á opinión negativa dos colexios profesionais apuntada, entende que o debate académico excede das súas competencias e prefire non comentar en público o escrito que enviaron os representantes dos colexios. Conclúe agradecendo novamente todas as achegas.

Na quenda de contrarréplica, o Sr. Vidal critica a posibilidade de elección do alumno e propón que sexa o centro quen tome a decisión para todo o seu estudantado.

O Sr. Manuel Fernández intervén para indicar que a proposta entraría en vigor o curso 18/19. Sinala que non é lóxico que a persoa titora sexa tamén xuíz e alude ao proceso Bolonia, que remarca a necesidade da defensa do TFG/TFM. Indica que o texto actualmente vixente na Universidade de Vigo non é resultado

dun proceso arbitrario, se non que foi negociado durante seis meses cos centros, tratando de recoller diferentes sensibilidades.

O Sr. Luis González, reitera que os decretos esixen que a cualificación do alumnado debe ser de 0 a 10, e que cando se fala de modificar as datas de peche de actas hai que ter coidado coas datas de matrícula.

O Sr. vicerreitor, en resposta ao Sr. Fernández, contesta que o documento será aprobado cando corresponda, non necesariamente para o curso 2018-19.

## **6. Toma de postura sobre os criterios e o procedemento para a promoción do PDI.**

O Sr. reitor da paso a unha presentación en power point sobre o asunto. Sinala que non procede retirar estes puntos da orde do día, xa que se trata soamente dun debate. O Sr. Pedro Pablo Gallego lembra que non hai ningún representante da Xunta de PDI no Claustro e resalta que os documentos teñen que chegar aos sindicatos, pero que se pode manter o punto, xa que non se vai tomar decisión algunha. O Sr. reitor introduce a presentación, que xa formara parte do exposto na súa campaña electoral, avanzando o desexo de chegar a acordos no Claustro, de cara ao futuro, e insiste en que se trata de propostas, non de textos definitivos. O punto fundamental é a data de acreditación como criterio para a promoción do PDI, deixando unha porcentaxe de prazas para facer certas políticas de captación (investigadores xoves, de prestixio, etc.). A xestión desta porcentaxe correspondería ao equipo Reitoral, aínda que sería aprobada polo Consello de Goberno, e tería natureza excepcional. A promoción se concibe como un mérito persoal, ao que todo o mundo ten dereito. Nalgunhas figuras (cátedras) se formula baleirar a bolsa de acreditadas/os nun máximo de tres anos. Conclúe abrindo o quenda de palabra, tras indicar que xa se falou o asunto con Emilio Fernández, o líder da oposición.

A Sra. Pérez Rodríguez comenta que o criterio de dereito á promoción debería ser combinado coa carga docente dos departamentos, chegando a algún tipo de equilibrio, para non agravar as diferenzas xa existentes entre ámbitos.

O Sr. Pérez Cid sinala que a proposta lle parece positiva en comparación co anterior sistema, baseado nunha fórmula. As acreditacións do profesorado proceden dun órgano independente o que garante a súa idoneidade. En canto á porcentaxe do 20% para captación da excelencia, habería que acordar criterios transparentes que evitasen problemas entre áreas. Conclúe preguntando pola situación procedemental das prazas xa aprobadas pola Xunta de Galicia.

O Sr. Comesaña pregunta pola adecuación á realidade dos criterios manexados na proposta, especialmente polo que se refire aos contratados doutores e á súa situación futura, e que se faga un planeamento a curto prazo e de conxunto, aplicando os diferentes criterios posibles, e as medidas previstas para áreas con deficiencia de persoal, incluíndo as posibles xubilacións pendentes.

O Sr. Corbacho pregunta pola convocatoria de prazas pendente, do mesmo xeito que o Sr. Pérez Cid.

O Sr. Costa da lectura a un escrito do Director da Escola de Telecomunicacións e, entre outros aspectos, queixase do emprego do criterio de antigüidade na acreditación, xa que entende que pode discriminar e desanimar inxustificadamente aos titulares máis novos no acceso ás cátedras.

O Sr. Dafonte transmite a preocupación dos profesores axudantes doutores, que desexarían que se fixera mención á súa situación cando rematen o seu contrato. Fala da titulación de Comunicación Audiovisual, con gran presenza de axudantes e asociados.

O Sr. Emilio Fernández Suárez felicita ao equipo reitoral por utilizar o Claustro para debater estes asuntos, de gran envergadura. Invita aos claustrais a formarse previamente ao debate sobre os puntos a tratar e a un estudio sereno, sen presa e con prudencia, para non caer en solucións non desexadas. Reclama unha análise rigorosa da situación do profesorado na Universidade de Vigo e que todos os membros do Claustro teñan acceso á información para poder opinar con fundamento. Cre que a normativa proposta consiste nunha aproximación sectorial onde se bota de menos certas figuras (axudantes doutores etc.). A suma de visións parciais vai en detrimento do produto final, na súa opinión. Aclara que a negociación coa oposición deriva dunha reunión previa co reitor onde lle pasou un documento e que ese

foi o final da negociación. Fala de certas incongruencias na normativa, por exemplo, entre os criterios manexados para o TFG e a OPE. Opina que a porcentaxe do 20% para captación estratéxica debe ser empregado con coidado e precisión, e non arbitrariamente. En canto aos criterios de promoción, fala da necesidade de que sexan pactados. A prioridade da antigüidade na acreditación debe ser corrixida combinándoa cos méritos académicos. Mostra a súa dispoñibilidade a falar con rigor destes ou doutros problemas, compartindo a información dispoñible.

O Sr. Manuel Fernández alude ao artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Vigo en relación coa promoción dos asociados e sinala que se mesturan as figuras estruturais e non estruturais (particularmente as de axudante doutor) e reclama sosego e calma á hora de presentar propostas. O Sr. reitor indica que se trata de outro punto da orde do día e que se reflectirán os seus comentarios no punto seguinte.

O Sr. reitor agradece a todos as súas aportacións, e moi especialmente ao Sr. Emilio Fernández. Indica que é necesario acelerar os ritmos de traballo para poder adoptar certas medidas a tempo, dado o complexo procedemento a seguir, que inclúe xuntanzas diversas con diferentes colectivos. A política universitaria será debatida no Claustro e poñerá as persoas primeiro, que saberán os requisitos que deben cumprir para desenvolver a súa carreira universitaria, incluíndo a posibilidade aberta polo Goberno da Xunta de Galicia de que poda haber carreiras principalmente investigadoras. O Claustro será puntualmente informado dos atrancos que podan influír na política universitaria de conxunto, para consensuar a folla de ruta da Universidade que queremos. Tamén se terá coidado no uso da porcentaxe reservada para captación estratéxica, con coñecemento previo dos órganos de goberno. O equilibrio das áreas non se verá afectado polo dereito á promoción do profesorado xa incorporado, e dependerá mais ben das políticas de captación e da posibilidade de reducir a carga docente a 240 horas no futuro. Estudiará traer ao Claustro un documento sobre política de PDI nun punto específico.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Profesorado, que agradece as intervencións. Recolle a demanda de información formulada e agradece a louvanza que lle fixera o Sr. Emilio Fernández, aínda que manifesta a necesidade de urxencia nas normativas, xa que a OEP debe ser aprobada pola Xunta e polo Ministerio antes do fin de ano. Relativiza as críticas ás propostas, xa que estas teñen por obxecto baleirar as bolsas de profesorado acreditado, o que limita o seu horizonte temporal. Trátase de promoción. A compensación de desequilibrios entre ámbitos pode abordarse na estabilización ou na dotación de novas prazas. Admite que tal vez haxa que clarear o uso do 20% para captacións estratéxicas. En canto a posibilidades de promoción dos profesores xoves, está dependerá da rapidez en baleirar a bolsa de profesorado acreditado. Fala dos datos estimativos relativos ás persoas acreditadas sen praza, indicando que cabe a posibilidade de solicitar 31 prazas na vindeira OEP, en función da taxa de reposición. A política de estabilización e novas prazas será debatida con calma. En canto ás persoas axudantes doutoras/es que rematan os seus contratos (sete ao ano aproximadamente) pasarán a ser contratadas/os doutoras/es interinas/os. Respecto ao concurso pendente, indica que as prazas correspondentes ao criterio I están en disposición de comezar o proceso de adxudicación. As cátedras en lista provisoria serán elevadas á listaxe definitiva cando se elixa e se reúna a COAP no mes de xullo. Nas prazas de titular, certos problemas que retrasaron a súa saída foron tratados xa nun Consello de Goberno previo, e a COAP aprobará a lista provisoria proximamente. Cando saian prazas do mesmo tipo nunha convocatoria serán tramitadas conxuntamente, tal e como se viña a facer dende o servizo correspondente.

O Sr. Pérez Cid indica que un primeiro criterio para valorar a excelencia son as valoracións da ANECA, e que todo concurso é aberto a que se presenten diferentes concursantes. Parécelle ben a proposta do 20% para a captación da excelencia e opina que certos colectivos deberían ter preferencia (Ramón y Cajal, Starting Grants...).

O Sr. reitor agradece as intervencións.

## **7. Toma de postura sobre os criterios e o procedemento de promoción do profesorado asociado.**

O Sr. reitor aclara que este punto formaba parte do seu programa electoral, e que está destinado aos asociados que cumpran determinados requisitos en áreas con dificultades de captación de profesorado. O documento base é susceptible de modificacións. Da paso á ronda de intervencións.

O Sr. Collazo comparte o compromiso do reitor e está de acordo co dereito á promoción, pero matiza que o borrador non contempla a dedicación por área do profesorado asociado, tratando o mesmo a un P3 que a un P6.

A Sra. Domínguez agradece a oportunidade de manifestarse e cre que non se pode poñer en dúbida o dereito á promoción deste profesorado. Felicita ao Sr. reitor pola súa coherencia e transparencia, reclamando tranquilidade para pensar os criterios.

O Sr. González Miramontes fala do fraude de lei cometido nestes últimos anos na contratación de profesores asociados, en resposta ao Sr. Fernández, a quen lle di que o goberno do que formaba parte tamén incluía un programa de promoción de asociados e lle bota en cara que falase de arbitrariedade, considerando as actuacións do anterior Goberno da Universidade. Cre que non hai impedimentos legais que poñan en dúbida a proposta do equipo de Goberno. Manifesta o seu apoio aos plans de promoción, que debe estenderse a todos os colectivos. Fai unha louvanza das tarefas e a tradición dos profesores asociados na Universidade de Vigo. Menciona o movemento a nivel nacional de promoción do profesorado asociado, incluíndo os procedementos de transformación presentes noutras universidades, como a de Salamanca, e tamén os avances a nivel político (como é o anuncio da posible transformación da LOU). Estima que a proposta do equipo de goberno pretende crear unha folla de ruta sobre a promoción que sexa clara, transparente e para todas e todos.

O Sr. Fernández non insiste nos seus argumentos previos sobre a promoción dos asociados, porque entende que será labor da Vicerreitoría con competencias na materia.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de profesorado, quen recorda que moitos dos presentes comezaron como asociados na universidade e que é preciso un plan de promoción, que poderá ou non diferenciar entre categorías por carga docente. Opina que o problema da consideración dos asociados e maior noutras universidades que na nosa, aínda que en todo caso cobren déficits estruturais na docencia. Unha actuación normativa é necesaria fronte ás decisións dos tribunais de xustiza favorables a este colectivo.

O Sr. reitor remata o punto aludindo aos datos proporcionados na última reunión da CRUE sobre este asunto.

## **8. Toma de postura sobre a creación das comisións de traballo para a definición dos procesos de xestión.**

O Sr. reitor expón as distintas posibilidades que se poden empregar para a constitución das diferentes comisións, que serán seis (engádese a estrutura no **Anexo II**), e que se empregarán para a reforma da RPT.

A composición das comisións será a seguinte:

Na comisión da área académica estaría o equipo xerencial, os xefes de servizo de posgrao, grao e bolsas e o responsable TIC da área académica; e por parte do persoal estaría a xente da área de posgrao de centros, da área de grao de centros e da área de servizo de comunidade e campus. Esta comisión traballaría para definir os procesos e as necesidades que ten esa área.

Na comisión da área económica estaría o equipo xerencial, os xefes de servizo de contabilidade, xestión económica, control interno e investigación, os administradores de centro, o responsable TIC da área económica, e polo persoal estaría xente da área económica de centros, da área económica da reitoría, da área de apoio a centros e departamentos, da área económica e investigación e da área de investigación do Campus de Ourense.

Na comisión da área de centros e departamentos estaría o equipo xerencial, o xefe de servizo de PAS, o xefe de servizo de xestión de PDI, do servizo de investigación, administradores de centros, área económica de centros, área de apoio a centros e departamentos e equipo directivo dos centros e departamentos.

Na comisión da área de investigación, que é un pouco máis complexa, estaría a vicerreitora de investigación, a vicerreitora de transferencia, equipo xerencial, os xefes de contabilidade, xestión

económica e control interno, investigación e PDI, o responsable da OTRI, responsable da área técnica de I+D+i, o responsable TIC da área de investigación e, por parte de persoal, voluntariamente, directores de grupos de investigación, área económica dos centros, área económica de investigación e área de investigación do Campus de Ourense.

Na comisión da área de alumnado estaría a vicerreitora de Alumnado, o valedor universitario (o actual presidente do tribunal de garantías) o equipo xerencial, xefes de servizo de grao, posgrao e bolsas, o xefe de servizo de extensión universitaria, o xefe de servizo de biblioteca, o xefe da área de servizos á comunidade, o responsable da ORI e o responsable de actividades culturais; e por parte do persoal estaría un representante de cada delegación de alumnado de cada centro e un representante do alumnado do Consello de Goberno.

Nas comisión das áreas correspondentes aos campus de Ourense e Pontevedra estarían o/a vicerreitor/a do campus correspondente, o administrador de centro, o xefe de área de servizos á comunidade, o responsable da ORI no campus, o responsable de actividades culturais no campus, o responsable de apoio á docencia e investigación e PAS, xefes de área de grao e posgrao, dirección de biblioteca e por parte do persoal estaría un representante de alumnos da cada delegación de cada centro.

## **9. Aprobación, se procede, das modificacións propostas polo Consello Consultivo durante a tramitación dos novos Estatutos da Universidade de Vigo.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral neste punto. O Sr. secretario xeral indica que as modificacións propostas polo Consello Consultivo son puramente formais e de dous tipos: mandatos e recomendacións. A única que presenta dúbidas é a relativa á recomendación dunha disposición transitoria relativa aos casos de substitución do reitor, que debería aludir ao Decreto de delegación de competencias. O Sr. secretario sinala que o profesor Roberto Bustillo, como previo secretario técnico da comisión redactora, foi consultado ao respecto. A súa proposta será consensuada co equipo de goberno, pero iso non debería impedir a aprobación dos Estatutos.

Intervén o Sr. González Miramontes para obxectar que o texto do artigo 80.4º dos Estatutos aprobados polo Claustro non coincide co texto enviado pola Xunta de Galicia. Ante a necesidade de verificalo, o Sr. reitor opta por suspender a votación deste punto.

## **10. Rogos e preguntas.**

O Sr. Artemio Mójón pregunta sobre os novos Estatutos e se é necesario disolver o Claustro cando entren en vigor. O Sr. reitor responde que non, debido as transitorias previstas nos Estatutos. Pregunta pola modificación do calendario académico que está previsto aprobar no vindeiro Consello de Goberno, e as xestións feitas ante a Xunta ao respecto, e o Sr. reitor indica que estase a buscar aínda información sobre o asunto, e que temos que axeitarnos ao mandato do Decreto 68/2018.

A Sra. Paula Rivera pregunta sobre as comisións de estudo de certas regulamentacións que afectan aos estudantes e se se van traer ao Claustro. O Sr. reitor indica que se traballará en Consello de Goberno, pero que poderán ser levadas ao Claustro.

O Sr. Álvarez Moreira (**Anexo III**) pregunta sobre o cumprimento do artigo 127 dos Estatutos e o cumprimento da obriga de dispoñer dun regulamento disciplinario; se é obrigatoria a asistencia a clase do estudantado e as súas consecuencias para o alumnado; se lle abrirán expediente informativo pola súa ausencia a clase; se é obrigatoria a avaliación continua para os graos e as consecuencias que se derivarían desta obriga; e se hai posibilidade de crear unha lista de distribución específica para estudantes aos efectos de notificación.

O Sr. reitor da resposta as preguntas. Sinala que a asistencia a clase é un dereito e que se está a traballar nunha lista de distribución. Traballárase nun código ético destinado á comunidade universitaria.



O Sr. Luis González alude aos compromisos firmados con aeroespaciais, en particular, a adquisición dun edificio propio. Tamén ao incumprimento das datas de peche de actas. Reclama o encaixe dos investigadores na estrutura universitaria, a través da modificación dos regulamentos.

O Sr. reitor declárase optimista respecto aos problemas de aeroespaciais, que xa lle formulou ao conselleiro, xunto cunha petición para Enxeñaría Biomédica. Non parece que haxa problemas orzamentarios. Parécelle ben a comisión de traballo proposta, que poderá traerse ao Claustro. O Sr secretario aclara que os retrasos na entrega de actas se penalizan no programa Docentia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:50 h do día 18 de xullo de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Manuel J. Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez